

Grao en Farmacia

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Grao en Farmacia

Curso Académico: Curso 2022-2023

Grao en Farmacia

- Datos da universidade e do título obxecto de seguimento
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - [Dimensión 1. A xestión do título](#)
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - [Dimensión 2. Recursos](#)
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - [Dimensión 3. Resultados](#)
 - [Criterio 6. Resultados de aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)

- Plan de Melloras
 - Accions abertas de axendas anteriores
 - Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - [GFarm-1](#)
 - [GFarm-10](#)
 - [GFarm-2](#)
 - [GFarm-3](#)
 - [GFarm-4](#)
 - Criterio 2 - Información e transparencia
 - [GFarm-5](#)
 - Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade

Grao en Farmacia

- [GFarm-6](#)
- Criterio 4 - Recursos humanos
 - [GFarm-8](#)
 - [GFarm-9](#)
- Criterio 5 - Recursos materiais
 - [GFarm-7](#)
- Criterio 6 - Resultados da aprendizaxe
- Criterio 7 - Indicadores de satisfacción e rendemento
- Outros Criterios

Grao en Farmacia

1. DATOS DO TÍTULO	
Denominación do título	Grao en Farmacia
Mencións/Especialidades	NO
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	Non aplica
Centro responsable	Facultade de Farmacia
Centro/s onde se imparte	Facultade de Farmacia
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	300
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Estudo presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	11/07/2017

Grao en Farmacia

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Grao en Farmacia xustifícase na tradición dos estudos e a súa implantación exclusiva dentro do Sistema Universitario de Galicia (SUG), o seu interese profesional, o feito de orientarse a unha profesión regulada e na estabilidade da súa demanda. O interese dos estudos de Grao en Farmacia entre os estudantes que acaban a súa formación preuniversitaria é evidente, a elevada demanda (1.448 solicitudes de matrícula, **a máis alta desde o curso 2016-2017**) permite cubrir anualmente as prazas ofertadas (205, das cales 195 corresponden ao Grao en Farmacia (IN01) e 10 ao Dobre Grao en Farmacia e Óptica e Optometría), sendo a nota de acceso alta. Isto permítenos considerar que está actualizado e mantén a súa relevancia. A nota media de acceso por preinscripción o curso 2022-2023 foi de 11,77 (IN06G), manténdose nos valores dos últimos tres cursos, cunha porcentaxe de estudantes matriculados que seleccionaron o Grao en Farmacia da USC como primeira opción do 56,9 % (IN10G), cifra que segue a indicar unha lixeira tendencia á baixa nos últimos catro cursos. Os estudantes proceden maioritariamente de Galicia, sendo Pontevedra e A Coruña as provincias con maior representación de estudantes matriculados segundo os datos proporcionados pola CiUG. Os estudantes nacionais doutras comunidades autónomas representan o 11,04% (IN09G), sendo Asturias e Castela-León as que presentan maior número de estudantes. Este é o valor máis alto acadado dende o curso 2016-2017, observándose unha tendencia á alza dende o curso 2018-2019.

O curso obxecto do seguimento, a titulación recibiu estudantes procedentes de países da Unión Europea e extracomunitarios, que representan un 4,60% do alumnado (IN08G). Este dato confirma a tendencia á alza dos últimos anos de recibir estudantes estranxeiros. Recibíronse estudantes por continuación de estudos por traslado: 8 estudantes doutras titulacións da USC e 8 estudantes doutras universidades españolas. Como ven sendo habitual participouse en actividades de difusión organizadas pola USC para dar a coñecer as características desde da titulación a estudantes de Bacharelato.

	2017-18	2018-19	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23
IN08G- Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	1,31	1,42	1,86	2,90	3,48	4,60

O perfil de egreso contempla a formación integral, cuxa finalidade é que o egresado poida realizar actividades dirixidas á produción, conservación e dispensación de medicamentos, así como a colaborar nos procesos analíticos, farmacoterapéuticos e de vixilancia da saúde pública. Os obxectivos e competencias adquiridos por nosos egresados son os indicados na Orde CIN/2137/2008, que dada a súa extensión non se recolle nesta análise; as devanditas competencias complementarias son avaliadas nas diferentes materias tal como recollen as Guías Docentes. Isto vese reflectido na taxa de

Grao en Farmacia

éxito dos egresados, un 91,63% (IN50G), sendo lixeiramente superior á obtida nos anteriores cinco cursos académicos.

O título cumpre os requisitos establecidos para o proceso formativo nos ámbitos académico, científico e profesional, indicados a través das valoracións realizadas a profesores, estudantes e profesionais implicados en labores formativos do grao. Os indicadores IN46G e IN47G, con valores de 4,1 e 4,43 respectivamente así o reflicten, sendo en ambos casos **os mais altos dos últimos 5 cursos**. A totalidade dos estudantes do Grao en Farmacia debe realizar prácticas externas obrigatorias en farmacia hospitalaria ou comunitaria, por iso para o curso 2022-2023 o dato proporcionado é dun 100% (IN22G). Este indicador relaciónase coas prácticas obrigatorias do Grao en Farmacia. Non se dispón do dato de participación doutro tipo de prácticas externas realizadas de forma voluntaria en empresas ou institucións. En canto aos egresados, o grao de satisfacción xeral coa titulación (IN42G) foi lixeiramente superior ó dos últimos cinco cursos.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.**

O actual programa formativo correspóndese coa memoria verificada e as posteriores modificacións da mesma, incorporadas nos informes de seguimento, o que garante a adquisición por parte do estudante das competencias recollidas nela. O plan de estudos consta, tal como recóllese na Orde CIN/2137/2008, de 7 módulos con 60 ECTS de formación básica e 213 ECTS de formación obrigatoria. Os estudantes completan a súa formación con 27 ECTS optativos, dos cales 18 pódense realizar a través de Prácticas Externas mediante convenios con distintas entidades. Inclúense os créditos optativos (até un máximo de 12) por actividades contempladas no artigo 12.8 do RD 1393/2007 e das competencias transversais da USC. A promoción que acabou os seus estudos no curso 2022-2023 é a oitava de egresados que ten o Título de Grao en Farmacia.

- **O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.**

O desenvolvemento das actividades formativas de cada materia atópase recollido nas Guías Docentes, onde se indican os obxectivos, contidos, bibliografía (básica e complementaria), competencias, metodoloxía do ensino, sistemas de avaliación, tempo de estudo e traballo persoal e recomendacións para o estudo. As Guías Docentes/Programacións docentes do curso 2022-2023 elabóranse, como en cursos anteriores, polo profesorado de cada materia, foron revisadas polos coordinadores de curso e pola coordinadora do Grao, aprobadas polos respectivos Departamentos e, finalmente, pola Xunta de Facultade. Na páxina web da Facultade de Farmacia pódense consultar as Guías Docentes correspondentes ao curso 2022-2023. Os estudantes dispoñen da información na páxina web antes do período de matrícula, en castelán, galego e en inglés. Esta información, a oferta de módulos, materias e materias, así como a memoria de verificación, pode comprobarse na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-saude/grao-farmacia>

En canto ás actividades formativas realizadas nas materias, estas son principalmente clases expositivas, clases interactivas (seminarios/ou laboratorio) e titorías. A media de estudantes por grupo de clases expositivas é de 90,92 (IN55) e a media

Grao en Farmacia

de estudantes en clases interactivas é de 26,64 (IN32G). Estes datos son superiores nalgúns cursos ao desexado, a pesar de que en reiteradas ocasións manifestouse a conveniencia de contar con grupos máis reducidos, o que favorecería a participación e a realización das actividades formativas. O número de estudantes que realiza as clases interactivas de laboratorio é o adecuado (20).

- **Participación do alumnado en programas de mobilidade**

A participación do estudantado do Grao en Farmacia nos programas de mobilidade foi aínda baixo ó longo deste curso académico. En canto a **mobilitade saínte**, un total de 29 estudantes do grao participaron na convocatoria Erasmus, sendo Italia o país mais demandado. En canto á mobilidade nacional, 18 estudantes participaron no programa SICUE.

En canto a **mobilitade entrante**, recibíronse un total de 22 estudantes, dos cales 3 viñeron ó abeiro de convenios con universidade de América do Sur, 12 a través do programa Erasmus (a maioría de Italia), e 6 polo programa SICUE.

Estes datos están xa próximos ós dos cursos previos á pandemia, tal e como se resume na seguinte táboa:

Curso	Número de estudantes	
	Mobilitade saínte	Mobilitade entrante
2017/2028	53	34
2018/2019	47	31
2019/2020	44	21
2020/2021	28	13
2021/2022	36	18
2022/2023	47	22

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.**

Igual que en cursos anteriores, segue manténdose a estrutura da coordinación horizontal do Grao de Farmacia. Así, existe unha coordinación a través das reunións que mantén a Coordinadora da Titulación e o/a Coordinador/a do curso correspondente. Mantéñense reunións periódicas entre eles e os Coordinadores de curso, que serven de ponte cos coordinadores de cada materia impartida no correspondente curso, que á súa vez serán os encargados de transmitir a opinión dos profesores que imparten docencia nas citadas materias. Isto permite obter información de todo o profesorado do grao.

As actividades realizadas céntranse na planificación e seguimento de actividades docentes, como son 1) Coordinar, o curso

Grao en Farmacia

previo, a elaboración das programacións docentes e 2) Coordinar, durante o curso, a actividade docente.

A coordinación vertical realízase a través da Coordinadora do Grao cos coordinadores dos 5 cursos da titulación de forma simultánea, a través das reunións da Comisión do Título.

O curso 2022-2023 o equipo mantén, como en cursos anteriores, a coordinación horizontal mediante as reunións de fin de semestre de cada curso do grao, nas que se analiza o cumprimento dos programas e os posibles solapamentos ou redundancias de contidos entre distintas materias.

Os resumos destes encontros figuran como anexos ás actas das reunións da Comisión de Título.

- **No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.**

Non aplica

- **No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.**

Os Convenios de Prácticas Externas Curriculares Obrigatorias (Prácticas Tuteladas) e Prácticas Externas Curriculares Optativas conteñen un apartado de Programa/Actividades a realizar durante as prácticas que serve de guía para a realización das mesmas.

Na Guía Docente das Prácticas Tuteladas, materia obrigatoria de 24 ECTS, incorpóranse unha serie de ítems para avaliar as competencias adquiridas polo estudante. Isto facilita ao estudante reflexionar acerca das metas alcanzadas, antes da proba final das Prácticas Tuteladas. Todos os estudantes teñen que realizar estas Prácticas. Antes do inicio das Prácticas Tuteladas os estudantes deben acudir a unhas sesións de conferencias sobre saídas profesionais durante dous días. A información sobre as Prácticas Tuteladas está exposta na páxina web da Facultade de Farmacia na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-farmacia/practicas-tuteladas-grao-farmacia>

Coa finalidade de facilitar que o estudante poida graduarse e acceder á actividade profesional, a materia obrigatoria Prácticas Tuteladas pódese realizar en dúas quendas: setembro-febreiro e febreiro-xullo. Durante o curso 2022-2023 ambas quendas de prácticas realizáronse con normalidade.

<https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-saude/grao-farmacia/20222023/practicas-tuteladas-16488-15834-2-84966>

A coordinación para a adecuada consecución das competencias por parte dos estudantes realízase mediante os procedementos establecidos nos convenios correspondentes: a) Comisión Mixta de Prácticas Tuteladas, para as prácticas curriculares obrigatorias en Farmacia Hospitalaria ou en Farmacia Comunitaria; b) Comisión de Seguimento do Convenio Consellería de Sanidade-SERGAS-USC, para as prácticas curriculares optativas en Centros de Saúde, Servizos Hospitalarios, Inspección, etc.) Comisión de Seguimento coas entidades de Distribución Farmacéutica nas distribuidoras correspondentes. No curso 2022-2023 195 estudantes realizaron prácticas tuteladas, cuxa realización é obrigatoria para os estudantes do Grao en Farmacia e rexidas por directiva europea.

As prácticas externas curriculares optativas poden levarse a cabo en centros de saúde, servizos hospitalarios e inspección farmacéutica (convenio asinado entre a Consellería de Sanidade-SERGAS e a USC), distribución farmacéutica (convenios asinados con cada entidade/empresa), industria farmacéutica (convenios asinados con cada empresa) e en Grupos de Investigación (GI) da USC autorizados mediante Resolución Reitoral. Na web do centro está a información relativa a estas prácticas:

Grao en Farmacia

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-farmacia/practic-as-externas-curriculares-optativas>.

No curso 2022-23 un total de 32 estudantes realizaron prácticas externas nos distintos destinos dispoñibles para eles: servizos hospitalarios (18), centros de saúde (8), e inspección farmacéutica (6), datos globais similares ós do curso anterior.

As prácticas Externas Curriculares Optativas en Grupos de Investigación (PEGI) permiten ao estudantado iniciarse nas tarefas propias da investigación. O curso 2022-2023 a oferta inicial foi de prazas en 12 Grupos de Investigación, e acolléronse á realización de PEGI finalmente 23 estudantes. Estes datos son similares ós do curso pasado. A valoración das PEGI faise mediante a presentación dun póster científico e a exposición do labor desenvolvido ao longo do período ante unha comisión designada para tal fin, que é a encargada de avaliar se o estudante adquire as competencias transversais requiridas (falar en público, debate científico, etc). O curso 2022-2023, ademais da presentación tipo póster, volveuse facer a presentación oral do traballo realizado durante a estancia no GI no Salón de Graos da Facultade, acto aberto a todos os membros da Facultade.

Os resultados de satisfacción dos estudantes obtidos coas prácticas externas (IN19G) son satisfactorios, e similares ós dos cursos previos (4,48). Non se dispón de datos de satisfacción dos títos profesionais (IN20G), nin académicos (IN21G).

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.

Para a admisión dos estudantes non se aplican criterios específicos máis aló daqueles indicados pola lexislación vixente. Así, no perfil de ingreso recolleito na Memoria verificada indícase "que o estudante debe posuir coñecementos de Bioloxía, Química e Matemáticas, así como habilidades numéricas, verbais, abstractas, sentido ético, capacidade de traballar en grupo e organizar o seu tempo, á vez que coñecementos informáticos e idiomáticos".

O curso 2022-2023 representa o duocécimo ano tras a implantación do Grao e nel cursa os seus estudos a novena promoción completa de graduados en farmacia. Isto permítenos dicir con satisfacción que a elección do perfil mencionado foi un acerto indiscutible e mantén plenamente a súa vixencia como se pode apreciar polos seguintes datos:

A maior parte dos alumnos que accederon á nosa titulación ese curso proviñan da orientación de ciencias da saúde (LOE) cursando especificamente Bioloxía, Química e Matemáticas.

A demanda de novo ingreso (1.448 solicitudes de matrícula) excede a oferta (195 prazas). Como xa se indicou anteriormente, a nota media de acceso por preinscrición o curso 2022-2023 foi de 11,77 (IN06G) e a porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron o Grao en Farmacia da USC como primeira opción foi do 56,9% (IN10G). Este último dato representa un leve descenso respecto do dato do curso anterior.

- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Grao en Farmacia

O Grao en Farmacia non contempla a impartición de complementos de formación.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A normativa que rexe o Grao en Farmacia é a mesma que rexe en toda a USC para as titulacións de Grao e pódese consultar desde a páxina web da Facultade de Farmacia na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/ql/institucional/goberno/area/normativa/alumnado>

No que se refire ao sistema de transparencia e recoñecemento de créditos, este levase a cabo conforme á lexislación vixente: Lei Orgánica 2/2006, e modificacións, de Educación, Real Decreto 1393/2007, e modificacións, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, e Real Decreto 1618/2011, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da Educación Superior, o establecido na memoria verificada e a normativa aprobada polo Consello de Goberno da Universidade o 05-07-2016 sobre recoñecemento de créditos nos estudos de grao ao amparo do art 12.8 do RD1393/2007.

Memoria da titulación:

<https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-salud/grado-farmacia>

Os recoñecementos por actividades universitarias, culturais, deportivas, etc, non son competencia do Centro e apróbanse por resolución reitoral tras proposta da Comisión de Ordenación Académica e Profesorado (COAP). No que relativo ao Centro, a maioría dos recoñecementos foron por traslado de expedientes desde outras Facultades de Farmacia ou por estudos universitarios de Licenciatura ou Grao (Dobre Grao en Farmacia e en Óptica e Optometría, Óptica e Optometría, Bioloxía, Enfermería, Ciencias do Mar e Enxeñería Química).

Desde a páxina web da Facultade de Farmacia pódese acceder ás Prácticas Externas Curriculares Obrigatorias (Prácticas Tuteladas) na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-farmacia/practicass-tuteladas-grao-farmacia>

A información máis específica sitúase nas aulas de coordinación do campus virtual.

No referente ás Prácticas Externas Curriculares Optativas, na páxina web da facultade tamén se pode atopar toda a normativa que rexe as citadas prácticas:

<https://www.usc.gal/es/node/27093>

Todos os procesos/procedementos desenvólvense de acordo coa normativa propia da USC e da Facultade de Farmacia.

Grao en Farmacia

O Grado de Farmacia ten elaborado, de acordo co regulamento da universidade, unha normativa para os traballos fin de Grao (TFG) dispoñible na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/es/centro/facultad-farmacia/tfg>

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.**

Durante o curso 2022-2023 na páxina web do Grao en Farmacia estaban publicadas as Programacións Docentes/Guías Docentes das materias. Nelas recóllese toda a información relacionada cos contidos, o desenvolvemento de actividades a realizar ao longo do curso académico, a avaliación das competencias adquiridas polos estudantes e todo aquilo considerado de interese para o alumno.

<https://www.usc.gal/es/estudios/grados/ciencias-salud/grado-farmacia>

Cóntase, ademais, co apoio da información dinámica coa emisión nunha pantalla daqueles temas relevantes que requiran puntualmente unha maior atención; dispónse así mesmo de aulas virtuais de coordinación para cada curso do grao que se utilizan como ferramentas de comunicación inter-profesores e entre profesores e alumnos. É unha vía moi empregada xa que permite chegar ó estudantado de maneira moi selectiva.

Durante o curso 2022-2023 os estudantes tamén recibiron información relevante para eles a través das aulas de coordinación, o que mantivo a súa relevancia como transmisoras de información dende os cursos anteriores.

- **A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.**

A información sobre o título está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada, coas súas posteriores modificacións a través dos Informes Anuais de Seguimento (IAS) realizados cada curso, e co informe de acreditación levado a cabo en abril de 2017.

- **Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese**

Garántese o fácil acceso á información relevante do título, fundamentalmente a través da páxina web. Adicionalmente, o primeiro día de clase de cada curso académico convócase aos alumnos de novo ingreso a unha reunión para explicarlles o funcionamento da Facultade. Nesta reunión están presentes, ademais do equipo de dirección, os alumnos titores, os representantes de alumnos, a directora da biblioteca e a coordinadora de primeiro curso.

Grao en Farmacia

No referente aos títolos de Prácticas Tuteladas, as coordinadoras manteñen comunicación cos representantes dos Colexios Farmacéuticos de Galicia para informarlles e orientarlles sobre o desenvolvemento das mesmas, xa que estas prácticas teñen unha elevada carga lectiva (24 ECTS) e é, ademais, onde os alumnos demostran que as competencias adquiridas durante a carreira son as adecuadas.

A todos os alumnos infórmaselles da dinámica das Prácticas Externas Curriculares Optativas, convocando reunións informativas orientadas a que coñezan as diversas modalidades que teñen á súa disposición.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analízala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.

A nivel de centro, o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Farmacia da USC implementa unha metodoloxía que permite a obtención da información suficiente como para facer a análise do funcionamento dos títulos impartidos no Centro, como é o caso do Grao en Farmacia, do Máster en I+D de Medicamentos e do Máster en Nanociencia e Nanotecnoloxía, e poder detectar posibles debilidades na implantación dos mesmos.

<https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-farmacia/calidade/documentacion-sgc>

A Facultade de Farmacia realizou en 2016 unha revisión do desenvolvemento e funcionamento do seu SGC, que rematou coa actualización do Manual Simplificado do SGC da Facultade. No curso 2017-18 a Facultade procedeu á análise e revisión da documentación para a súa adaptación á nova normativa de calidade da USC. O curso 2018-19 aprobouse a política de calidade da Facultade de Farmacia e elaborouse o Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Farmacia e o Manual de Procesos do Centro. Ambos manuais foron ratificados pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno no curso 2019-20.

Na Facultade de Farmacia existen varias comisións encargadas do seguimento de aspectos determinantes e relevantes para o título de Grao en Farmacia. Estas comisións son: Comisión Permanente, Comisión de Título, Comisión de Calidade, Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos, Comisión de Normalización Lingüística e Xénero e Comisión da Biblioteca e Comisión Mixta. A composición de todas as comisións queda recollida no Sistema de Garantía de Calidade do Centro. A relación organizativa entre profesorado na Facultade de Farmacia é moi estreita e infórmase en Xunta de Facultade das reunións da Comisión de Calidade.

A composicións das devanditas comisións pódese consultar na seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-farmacia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>

Grao en Farmacia

<https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-farmacia/goberno>

Todos os grupos de interese reciben información dos mecanismos de seguimento do Grao e da revisión do Sistema de Garantía de Calidade.

- **No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.**

Non aplica

- **Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólvese de acordo ao establecido**

Todos os sectores implicados no título teñen á súa disposición unha **caixa de correos de suxestións**, situada na porta do decanato, de fácil acceso, estando os colectivos informados tanto da súa existencia como da súa localización. Dispónse dun modelo de impreso para a súa presentación.

Existe, ademais das vías establecidas pola USC (OAR, Oficina de Análise e Reclamacións), unha dirección de correo electrónico do decanato da facultade (farmacia.decanato@usc.es) onde se atenden as consultas e queixas tanto do PDI, PAAs e estudantado.

- **O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólvese de acordo ao establecido.**

Ó final do curso 21/22, recibíranse varias queixas relacionadas co cumprimento do recollido na guía docente dunha materia, ás cales atendéronse á súa chegada pero tamén ó longo do curso 22/23. Para isto, constituíuse unha Comisión de Reclamacións que deu lugar á actualización das notas de parte do estudantado. Esta actualización a súa vez deu lugar á presentación dun recurso de alzada por parte dun estudante, que finalmente foi desestimado pola Secretaría Xeral desta Universidade.

Dende o Valedor da Universidade recibíuse no centro unha queixa relacionada con recoñecementos dun estudante de mobilidade saínte (Erasmus), a cal foi respondida, manténdose o criterio de recoñecementos sostido dende o centro.

Tamén foi recibida no centro, por parte dunha profesora, unha solicitude de cambio de grupo para un estudante, provocada por un incidente profesora-estudiante durante unha revisión. Finalmente, e seguindo as indicacións do Valedor, esta solicitude de cambio de grupo foi aceptada por tódalas partes.

No segundo semestre volveuse constituír outra Comisión de Reclamacións para atender dúas reclamacións relacionadas coa avaliación dunha materia. En ambos casos as solicitudes foron desestimadas, e ratificouse a cualificación outorgada polo profesor da materia.

Foi recibida tamén unha queixa relacionada cunha solicitude de co-tutorización de TFG. A resposta á queixa foi a ratificación por parte do centro dos criterios sostidos pola Comisión do Título, de non autorizar co-tutorizacións de TFG sen razóns debidamente xustificadas.

Tamén relacionado co TFG, unha revisión deu lugar a un posterior cambio de cualificación.

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.

Grao en Farmacia

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.

No curso 2022-2023, como en todos os anteriores, coa elaboración do IAS, tívose a oportunidade de detectar e corrir algunhas disfuncións e proceder a organizar a súa solución a través das Accións de Mellora deseñadas a tal fin.

- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados

No curso 2022-23 abordáronse melloras para continuar afrontando a situación creada pola pandemia. As accións realizadas resúmense a continuación:

Actividades relacionadas coas propostas de mellora do **Criterio 1.- Organización e desenvolvemento:**

GFARM-2 e GFARM-3: Incrementar as competencias dos estudantes na transmisión da información científica, oral e escrita. Realizouse a presentación de maneira presencial dos resultados de investigación obtidos polos alumnos que realizan as PEGI nun formato de tipo minicongreso. Por primeira vez houbo unha conferencia invitada.

Actividades relacionadas coas propostas de mellora do **Criterio 2.- Información e desenvolvemento:**

GFARM-5.- Realizar conferencias con relatores que desempeñan o seu labor profesional en distintos ámbitos aos futuros egresados que finalizan as prácticas tuteladas obrigatorias. Como en anos anteriores, os alumnos que finalizan a primeira quenda de prácticas tuteladas xunto cos que van iniciar a segunda quenda, asistiron ás conferencias impartidas por profesionais de distintos ámbitos. No curso 2022-2023 esta xornada, que incluíu once oradores de distintos ámbitos profesionais, dividiuse en dous días e realizouse de xeito presencial.

Actividades relacionadas coas propostas de mellora do **Criterio 3.- Sistema de Garantía de Calidade:**

GFARM-6.- Mellorar a páxina web do título mantendo a información actualizada nas distintas seccións. A información mencionada mantívose ao longo do curso académico 2022-2023, incluíndo información na intranet do centro.

Actividades relacionadas coas propostas de mellora do **Criterio 4.- Recursos humanos:**

GFARM-7.- Facilitar equipamento informático para a realización de prácticas e outros estudos. A acción mencionada mantívose ao longo do curso académico 2022-2023. Continuouse co préstamo de numerosos computadores portátiles a membros da comunidade

GFARM-8.- Manter ou incrementar a participación, de alumnos e profesores, nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida ou impartida. O curso 2022-2023 obsérvase un novo descenso na participación do estudiantado, cunha participación do 15,26% (IN48G). O resultado de satisfacción coa docencia impartida, 4,33 é moi similar ó do curso pasado (que era o mais alto dos últimos cinco anos) (IN47G) cunha participación, por parte deste colectivo do 39,81% (INF04).

GFARM-9.- Realizar reunións periódicas entre profesores asociados de prácticas tuteladas e profesores do centro para abordar temas de interese para o alumnado. Mantivéronse reunións respecto da aplicación práctica da atención farmacéutica, na farmacia comunitaria e a farmacia hospitalaria, durante as prácticas tuteladas.

- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Grao en Farmacia

En canto a Recursos Humanos continúaase coa recomendación da Comisión de Acreditación sinalando a conveniencia de levar a cabo a "realización de cursos específicos por parte do profesorado para a mellora da planificación da docencia universitaria por competencias". Neste senso sinalar que a USC desenvolve actividades formativas do PDI a través do Plan de formación e Innovación Docente para PDI (PFID). O PAS recibe oferta de formación a través do Servizo de Planificación e Programación do PAS.

Durante o curso 2022-23 a satisfacción do PDI coa formación recibida foi alta 4,59 (INF10) inda que a porcentaxe de participación do PDI do centro foi baixo, cun 17,97% (I6-17). No caso do PAS a participación nos plans de formación foi elevada, cun 75,0% (I6-17) e o grado de satisfacción foi de 8,27 (INF11).

A Comisión de Renovación da Acreditación 2017 recomendaba "impulsar estratexias para incrementar a participación dos distintos grupos de interese nos procedementos de recollida de información, o que permitiría obter datos máis fiables e obxectivos achega do desenvolvemento do título".

No plan de melloras inclúese unha acción de mellora (GFARM-8) para aumentar a participación dos diferentes colectivos nas enquisas de satisfacción que levou a cabo durante o curso 2022-2023. Unha das accións realizadas é o envío dun correo por parte da Responsable de Calidade do Centro aos distintos integrantes dos sectores que deben realizar as enquisas, indicando a conveniencia de coñecer a súa opinión para tela en conta nos procedementos de calidade e mellora da titulación.

Valoración: Moi satisfactoria. De todas as accións de mellora propostas no IAS 2021-22 só a acción GFarm-8 (Manter ou superar a participación nas enquisas de docencia), non é considerada satisfactoria xa que a participación observada nas enquisas foi a máis baixa obtida recentemente.

3.3.- O SGC implantado revisase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de Mellora (responsables, calendario de execución, etc.).**

A nivel de título, no informe de seguimento do curso 2021-2022 incluíronse distintas Accións de Mellora (AM) previstas para o curso académico 2022-23. Cada AM ten asignado responsables de execución, de seguimento, calendario de execución, etc.

Na elaboración de devandito informe, e por tanto do PAM, como anos anteriores participou a Comisión do Título, na cal se atopan representados distintos grupos de interese (Alumnos/PAS/PDI) cuxa función foi a elaboración do informe e posterior análise, debate e aprobación do mesmo pola Comisión de Calidade do Centro e tamén pola Xunta de Facultade, o que reflicte a participación dos distintos grupos de interese.

A elaboración da Memoria Anual de Calidade (MAC) inclúe a Revisión/Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC). Devandita memoria está pendente da aprobación pola Comisión de Calidade do Centro e á espera de ser informada favorablemente pola área de Calidade de Mellora dos Procedementos para ser aprobada posteriormente pola

Grao en Farmacia

Xunta de Facultade.

<https://www.usc.gal/ql/centro/facultade-farmacia/calidade/documentacion-sgc>

- **Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC**

Todos os grupos de interese participaron, en maior ou menor medida, no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC. O Centro segue estando interesado en solicitar a certificación da implantación do SGC, para o que insistirá na solicitude do mesmo.

- **As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua**

Na Facultade de Farmacia, seguindo o procedemento proposto pola USC, elaborouse o Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade do Centro, o Manual do Sistema de Garantía Marco da Facultade de Farmacia, e a Política de Calidade da Facultade de Farmacia, que foron aprobados pola Comisión de Calidade do Centro o 19 de xullo de 2019, pola Xunta de Facultade o 17 de decembro de 2019 e, finalmente, polo Consello de Goberno da USC o 19 de decembro de 2019.

A Facultade de Farmacia conta cunha cultura de calidade consolidada. O desenvolvemento do SGC supuxo un gran avance nos últimos cursos, pero debemos manter e mellorar esta situación.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

- **O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grao, a prácticas externas e asociado ao Tralaballo Fin de Grao ou Tralaballo Fin de Máster.**

O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada, xa que a porcentaxe do persoal docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total (IN24G) foi do 96,43% no curso 2022-23, aspecto que xa foi destacado como punto forte no informe final da renovación da acreditación do Grao en Farmacia. É de destacar que este valor é superior á media da área (89,34) e a media da USC (85,201%). A docencia específica da materia Prácticas Tuteladas, obrigatoria para a titulación, conta cunha coordinación, entre o PDI do centro, así como 5 Profesores Asociados, profesionais que exercen en Farmacia Hospitalaria ou en Farmacia Comunitaria. A coordinación das Prácticas Externas Curriculares Optativas do título exercea a Vicedecana de Calidade e RR.EE. do centro; o profesorado do grao tamén pode actuar como coordinador académico no caso de prácticas en Grupos de Investigación.

O número de Doutores con respecto ao PDI total no curso 2022-23, é dun 94,89% (IN25G). Destaca novamente esta porcentaxe, que se atopa por encima da media da área (75,16%) e da media da USC (81,31%). A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total segue sendo moi elevado, do 70,8%, e por encima da media da área (44,06%) e da media da USC (50,70%) (IN26G). O importante número de xubilacións está a provocar unha renovación no profesorado do centro. Esta situación apréciase non só na nosa titulación senón en todas as da Universidade.

- **O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.**

O profesorado dispoñible é suficiente para atender aos estudantes, aínda que parece conveniente que continúe a

Grao en Farmacia

renovación dun persoal bastante envellecido. O último dato dispoñible do cociente de estudantes por profesor a tempo completo data do 2016, momento no que estaba ao redor de 7,7. O número de alumnos por grupo de teoría é de 90,92 (IN55G) e o número de alumnos por profesor en docencia interactiva de seminario é de 26,64 (IN32G). Aínda que está un pouco por encima do recollido na memoria verificada, son números asumibles para impartir unha docencia de calidade.

Todo o profesorado que imparte docencia no Grao en Farmacia pertence ás áreas ás que están adscritas as materias. O profesorado encargado das prácticas tuteladas está integrado por profesores asociados que acceden ao devandito posto por concurso de méritos. Todos eles teñen o perfil idóneo xa que son farmacéuticos de farmacia comunitaria ou farmacia hospitalaria. Están coordinados por dúas profesoras da facultade.

Os titores dos TFG son profesores doutores da USC que pertencen ás áreas que imparten docencia na titulación de Farmacia. Por todo o anteriormente exposto, consideramos que o persoal académico é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

- **A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.**

Todos os profesores que desempeñan o seu labor docente na Facultade de Farmacia, tal e como se recolle nos datos fornecidos pola nosa universidade, están plenamente integrados cos programas de formación e innovación docente.

- **Participación do profesorado en programas de mobilidade.**

No referente á mobilidade do profesorado, os datos que nos proporciona a Universidade, son os que fornece o servizo de relacións exteriores (110) e non figura ningún dato para o curso 2022-2023. En cambio no centro tense constancia de que dúas profesoras participaron na convocatoria Erasmus en sendas universidades italianas, o cal representaría aproximadamente o 3% de mobilidade saínte do PDI do centro.

Pero dado que o profesorado que imparte docencia no noso grao, é na súa maioría un profesorado con ampla traxectoria tanto docente como investigadora, a mobilidade que adoitan facer non se encadra dentro dos programas deseñados polo servizo de relacións exteriores e, como consecuencia, non están contabilizados. Pero entendemos que a participación en proxectos con outras universidades, tanto nacionais como internacionais, a participación en redes de investigación, pertenza a axencias avaliadoras de calidade (Aneca e outras autonómicas), pertenza a sociedades científicas, participación en tribunais de teses etc, permítenlles establecer convenios de mobilidade para os nosos alumnos, que entendemos que é a finalidade dos programas de mobilidade do profesorado.

Valoración: Moi satisfactoria. A pesar das xubilacións e do envellecemento do persoal, pódese apreciar a forte implicación do PDI en labores de investigación (número de doutores e sexenios), que verán o seu reflexo na docencia que imparten.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.

Grao en Farmacia

- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.**

Na facultade desempeñaron a súas funcións 28 persoas como persoal de apoio adscritos a departamentos e ao centro (E16):

- 8 persoas dependentes da unidade de xestión do centro, das cales 3 desenvolven as súas funcións en departamentos que teñen a súa sede no centro.
- 5 persoas na biblioteca do centro que se ocupan de que os usuarios, tanto estudantes como profesores, reciban a atención e os recursos que precisan.
- 6 persoas na conserxería.
- 7 técnicos superiores de investigación. Destes, 6 técnicos están asignados ás áreas que imparten docencia no grao e que colaboran non só na investigación senón tamén no desenvolvemento das prácticas dos alumnos e 1 exerce as labores de coordinación.
- 2 técnicos do Servicio de Protección Radiolóxica que ten a súa sede no centro.

Considérase que este persoal é suficiente para atender ás necesidades de todo o persoal docente do centro e do estudantado.

Segundo se recóllese no indicador IN49C, a satisfacción do PAS da Facultade de Farmacia co traballo que desenvolve é elevado, cun valor de 4,25/5.

- **O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.**

O acceso aos postos xa comentados no apartado anterior é por concurso-oposición, de acordo a cada categoría.

- **No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.**

Non aplica, xa que non existen compromisos na memoria verificada nin recomendacións nos informes de verificación e acreditación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.

- **A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente**

A Universidade dispón dun servizo de Planificación e Programación de PAS no que se ofertan programas de formación para o PAS. O persoal de administración e servizos está plenamente integrado cos programas de formación e innovación, e así a taxa de participación nos programas é alta 75% (16-17).

Non se dispón de datos para valorar o grao de satisfacción en particular do PAS asignado a esta titulación aínda que a satisfacción global é positiva (8,27).

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirxilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirxilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante orientano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...**

As infraestruturas das que dispuxemos no curso 2022-23 foron case as mesmas que en cursos anteriores e non son as adecuadas para unha facultade, xa que seguimos inmersos na mesma situación de carencia de instalacións. Para paliar este inconveniente, seguimos utilizando aulas de centros moi próximos ao noso: Relacións Laborais, Ciencias Políticas e Dereito. Ditas aulas son de uso exclusivo para os alumnos do Grao en Farmacia.

Aos alumnos de primeiro curso programáronselles as clases expositivas e interactivas en aulas da nosa facultade, que

Grao en Farmacia

foron dotadas no curso 2020-2021. Aínda sendo conscientes de que as prácticas de laboratorio complementáanse con simulacións de computador, non deixamos de repor as aulas de informática, dotándoas de computadores para todos os alumnos.

Do referido dedúcese a imperiosa necesidade de dispor dunha Facultade de Farmacia que cumpra cos requisitos de infraestruturas adecuados para que o estudiantado do Grao en Farmacia reciba unha docencia de alta calidade. É imprescindible que o alumnado de Farmacia teña unha referencia de gran transcendencia vital como é unha facultade propia, que actualmente é inexistente ao carecer de referentes e non permite nin facilita a interacción entre compañeiros de distintos cursos para poder debater temas relacionados coa titulación.

Neste curso académico a USC resolveu o concurso de ideas para a nova Cidade da Saúde, onde se pretende albergar a nova Facultade de Farmacia na primeira etapa de construción (Fase 1). Pódese consultar toda a documentación referida no seguinte ligazón:

<https://www.usc.gal/gl/cidade-saude>

Valoración: Moi deficiente. Apreciamos unha prolongación sistemática dunha situación denunciada en informes previos como moi desfavorable.

- **Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza),...**

O material científico, así como o equipamento do que se dispón na actualidade na facultade, é axeitado para que o estudiantado poda adquirir as competencias previstas e recollidas na memoria verificada. O centro dispón dunha dotación económica que nos permite organizar unhas prácticas axeitadas, para que os nosos estudantes alcancen todas as competencias esixidas no título. Cabe destacar que cada ano, aparte do orzamento específico para a realización das prácticas, destínase unha partida dos orzamentos da Facultade para mellorar a infraestrutura custosa de uso compartido, e así ir substituíndo a instrumentación obsoleta.

Durante este curso académico, a través dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a USC, puidéronse adquirir 7 microscopios para seren empregados nas prácticas da materia Parasitoloxía, e un Disolutest, equipo que serve para caracterizar as cinéticas de liberación de fármacos e das súas formas de liberación dende formas de dosificación. Este último equipo emprégase nas prácticas de 4 materias obrigatorias do grao: Tecnoloxía Farmaceutica I, II, III e Biofarmacia e Farmacocinética).

Durante o curso 2022-23 adquiríronse ademais os seguintes equipos de laboratorio: 1 dispositivo de transferencia semiseca, 1 tamizador electromagnético dixital, 1 kit de filtración, 2 baños de auga dixital, 1 termostato de inmersión e cubeta metálica, 1 espectrofotómetro UV-VIS, 2 espectrofotómetros VIS, 2 microscopios, 1 placa axitadora con sonda de temperatura, 1 minicentrífuga, 1 electrodo, 2 bombas de vacío, 1 secador de expansión directa. Tamén se adquiriron 2 frigoríficos de laboratorio. A renovación do equipamento informático consistiu nunha pantalla de 55" e un ordenador portátil.

Dentro da obra RAM destinada ao centro realizáronse principalmente reparacións relacionadas co mantemento do edificio e instalacións relacionadas coas telecomunicacións do centro, coma a mellora da cobertura WIFI en varias áreas da facultade, instalación de 1 proxector, pero tamén a renovación das luminarias do centro por tubos LED así como a melloras significativas no laboratorio de microbioloxía.

Valoración: Satisfactoria. A pesar da situación xa coñecida das infraestruturas da Facultade de Farmacia, está a

Grao en Farmacia

facerse un gran esforzo para que esta non repercuta na docencia que reciben os alumnos.

- **Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.**

Na USC hai un Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) subdividido en áreas de Voluntariado, Participación, Promoción Social, Integración Universitaria, Formación e Investigación. Unha das súas misións é facilitar a integración promovendo iniciativas que faciliten o estudo a persoas con diversidade funcional, adaptando as habitacións das residencias universitarias, facilitando o acceso ás facultades, a integración social, etc. Todas as comunicacións recibidas son atendidas polo profesorado do noso centro.

<https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-participacion-inclusion-universitaria>

A USC conta cun Servizo de Prevención de Riscos (SPR) co que a facultade colabora, realizándose cursos de formación en Primeiros Auxilios, de prevención de Riscos Laborais. Periodicamente levan a cabo simulacros de evacuación do edificio, pero no curso 2022-2023 non se realizaron.

<https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-prevencion-riscos>

Para ter a certeza de que o estudantado coñece as normas xerais de seguridade nos laboratorios de prácticas, tal e como nos esixe o SPR, no noso centro, desde a implantación do Grao en Farmacia, lévase a cabo un exame destas normas antes da realización das primeiras prácticas do Grao. É necesario a superación deste exame para poder realizar calquera práctica de laboratorio.

Valoración: Satisfactoria a pesar de que non se realizaron os simulacros.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.**

O plan de estudos implantouse e desenvolveuse de acordo á memoria verificada do título, de maneira que as actividades académicas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación son os que aparecen recollidos na devandita memoria, aínda que foron adaptándose e axustándose ao longo dos anos desde a implantación do Grao. As devanditas modificacións foron incorporadas aos informes de seguimento e aparecen recollidas nas guías docentes das distintas materias do Grao, onde tamén se inclúen as competencias correspondentes a cada materia e sobre todo a forma na que se avalía a aprendizaxe en cada caso. Antes da finalización do curso académico os profesores das materias revisan e actualizan as guías para o seguinte curso, informando diso aos coordinadores de curso, que son os encargados de comprobar que os cambios no contido das guías están de acordo co establecido na memoria verificada e transmiten esa información á coordinación do Grao. Unha vez completada a revisión, os programas pónense a disposición do estudantado para que poidan ser consultadas antes do período ordinario de matrícula. A finalidade é que o estudantado poida elixir de forma reflexiva as materias que van cursar.

Os sistemas de avaliación das competencias indicados na memoria verificada e detallados nas guías docentes varían en función das materias, aínda que se contemplan sistemas de avaliación continua, tanto de prácticas como de teoría, nos que se expoñen cuestións referentes ás competencias que ten que adquirir o estudantado e que este debe resolver adecuadamente para superar a materia.

No curso 2022-2023 xa desaparecen das guías docentes os diferentes escenarios que poderían afectar á docencia e aos sistemas de avaliación contemplados nos dous cursos previos.

- **Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.**

As taxas de rendemento (IN34G) e éxito (IN35G) alcanzados polos estudantes, con valores de 75,57% e 81,32% respectivamente, son en xeral similares aos dos cursos previos á pandemia, sendo indicativos de que se están acadando os resultados da aprendizaxe. Estes valores son lixeiramente máis baixos cos da media da área (86,03% e

Grao en Farmacia

90,71% respectivamente) e similares aos da media da USC (80,29% e 87,67% respectivamente).

Doutra banda, nas enquisas de satisfacción realizadas aos estudantes (IN46G) obtívose un valor de 4,1 puntos sobre 5 no curso 2022-2023, valor lixeiramente superior aos dos cinco cursos precedentes e que pon de manifesto que o rendemento e o éxito alcanzado reflíctese na satisfacción dos estudantes coa formación recibida. Debe destacarse que o valor de 15,26% de participación dos alumnos (INF13 e IN48G) supón un gran descenso respecto do 26,58% do curso 2020-2021, e é o valor máis baixo de participación dos últimos cinco cursos. Por isto é necesario seguir traballando na **AM GFAR-8**.

O grao de satisfacción dos egresados do Grao en Farmacia no curso 2022-2023 foi lixeiramente superior ao dos cursos precedentes (IN42G), cun valor de 3,5 sobre 5. Os datos xerais da USC indican que en xeral o estudiantado considera útil para o mercado laboral a súa titulación, inda que a porcentaxe de participación na enquisa dos egresados do Grao en Farmacia é inferior ao 5% (INF09).

É de destacar que nas Prácticas Tuteladas e nos Traballos de Fin de Grao os estudantes poñen en práctica os coñecementos e competencias adquiridos nos catro cursos anteriores. A mellor proba de que se alcanzan os resultados da aprendizaxe constitúeno as memorias elaboradas polos estudantes en Prácticas Tuteladas e no Traballo de Fin de Grao (TFG).

- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos..

Os resultados dos distintos indicadores de aprendizaxe (taxa de éxito, taxa de gradación, etc...) foron analizados ao final de cada curso para incorporar as melloras correspondentes no seguimento.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Indicadores de demanda:**

Dos indicadores do PC-01 (Perfil de ingreso e captación) do SGC algúns deles presentan nos últimos cursos valores practicamente constantes (datos no seu valor máximo). Recóllense na seguinte táboa aqueles que mostran algunha tendencia ao longo dos últimos anos:

- Indicador **IN06G**, corresponde á nota media de acceso por preinscripción.
- Indicador **IN08G**, corresponde coa porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre os matriculados.
- Indicador **IN09G**, corresponde coa porcentaxe de estudantes nacionais fóra de Galicia sobre os matriculados.
- Indicador **IN10G**, indica a porcentaxe de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas.

INDICADOR	Curso 2018-19	Curso 2019-20	Curso 2020-21	Curso 2021-22	Curso 2021-22
IN06G	11,07	10,78	11,79	11,87	11,77
IN08G	1,42	1,86	2,9	3,48	4,6
IN09G	7,08	7,54	7,82	8,97	11,04
IN10G	61,03	70,26	65,64	58,97	56,9

É importante destacar á evolución do indicador **IN06G**, observándose unha estabilización da nota media de acceso á titulación nos últimos tres anos. Tamén compre salientar o aumento da porcentaxe de estudantes de fora de Galicia e de estranxeiros.

Pola contra, a porcentaxe de estudantes que escollen en primeira opción o Grao en Farmacia mostra unha tendencia á baixa dende a pandemia o cal pódese achacar a varias cuestións, entre elas ao aumento da oferta de graos.

- **Indicadores de resultados:**

A evolución dos indicadores mostra que os resultados están de acordo cos valores propostos na memoria verificada e mesmo, nalgúns casos, son superiores.

A taxa de rendemento (**IN34G**) aínda que mostra un valor elevado, 75,57%, é o mais baixo dos últimos cinco cursos. O mesmo ocorre coa taxa de éxito (**IN35G**) cun valor do 81,32% (en ámbolos casos superior ao dato que figura na memoria verificada, que é do 75%). A taxa de avaliación (**IN36G**), cun 92,93% segue a tendencia observada en anos anteriores á pandemia, sendo superior ao valor medio da USC (91,58%), pero lixeiramente mais baixa ca media da área (94,84%).

Grao en Farmacia

INDICADOR	Curso 2017-18	Curso 2018-19	Curso 2019-20	Curso 2020-21	Curso 2021-22	Curso 2022-23	Media Área	Media USC
IN34G	77,75	79,56	92,47	80,15	78,54	75,57	86,03	80,29
IN35G	85,78	86,84	96,35	85,44	85,37	81,32	90,71	87,67
IN36G	90,64	91,62	95,97	93,81	92	92,93	94,84	91,58
IN37G	64,48	61,88	62,18	70,39	77,78	71,59	64,32	61,27
IN40G	6,7	7,78	13,64	5,68	2,13	8,15	12,61	15,05
IN41G	16,39	17,68	18,13	13,41	10,56	15,91	17,63	20,63

Na taxa de graduación (IN37G) segue a observarse un destacable aumento, do 61,88% no curso 2018-2019 ó 71,59% no curso 2022-2023. En liña con este dato, obsérvase tamén un lixeiro aumento na taxa de abandono durante o primeiro curso (IN40G e IN41G), cuns valores de 8,15% e 15,91%. Pola contra, se se comparan cos previos á pandemia son lixeiramente menores; tamén son máis baixos cos valores previstos na memoria e en ambos casos inferiores aos da media da área (12,61% e 15,05% respectivamente) e aos da media da USC (13,49% e 21,70% respectivamente).

Analizando as materias de forma particular, todas as taxas de éxito das materias (INF17) son superiores ao 65 % excepto en 7 materias (que representan o 9,1%). No caso da taxa de rendemento (INF18), tódalas materias menos 14 (representan 21,8%) teñen valores por riba do 65%.

- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Cabe destacar que a Comisión do Título e a Comisión de Calidade do Centro analizan anualmente os resultados dos indicadores do título, especialmente naquelas materias que teñen valores baixos en relación co resto e trátase de buscar solucións en reunións posteriores cos profesores.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.

A USC proporciona abundante información sobre o grao de satisfacción de todo o persoal que participa no título, desde alumnos, profesores, persoal de apoio, tiores profesionais etc. Con todo, a información relativa ao grao de satisfacción dos tiores académicos coas prácticas externas ou dos egresados cos servizos e coa información pública non foron proporcionados para o curso 2022-23.

A continuación, descríbense os resultados dalgúns dos indicadores máis relevantes para o curso 2022-2023:

- A satisfacción do alumno coa docencia recibida (IN46G) é de 4,1.
- O grao de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (IN47G) é de 4,33.
- O grao de satisfacción do PAS co traballo desenvolvido (IN49C) é de 4,23.

Grao en Farmacia

- O número de alumnos matriculados cuxa primeira opción é o Grao en Farmacia (IN10G) é de 56,9%.
- A participación dos estudantes nas enquisas (IN48G) de satisfacción coa docencia recibida: 15,26%.
- A elevación da porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre os matriculados (IN08G) cun valor de 4,6% que continua coa tendencia á alza apreciada desde o curso 2014-2015 (0,78%).

Con relación ao dato de duración de estudos proporcionado pola USC (IN38G), o valor proporcionado para a titulación de Farmacia do curso 22-23 é de 5,68 anos, valor similar ó dos últimos cinco cursos. Temos que considerar que a titulación do Grao en Farmacia ten unha duración de 5 anos, mentres que a duración dos estudos na maioría das titulacións da USC é de 4 anos.

- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Estúdanse os indicadores de satisfacción e tamén hai que destacar que a Comisión do Título e a Comisión de Calidade do Centro analizan polo miúdo os resultados dos indicadores do título, especialmente naqueles casos nos que se observaron descensos nos valores respecto a anos anteriores. Téntanse analizar as causas, a pesar de que os valores non son representativos dado o habitualmente baixo nivel de resposta das enquisas.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No último informe recibido dende ACSUG (EIL1415), con datos obtidos durante o curso 2021/2022, a media de tempo (en meses) que tardou en atopar emprego o estudiantado do Grao en Farmacia foi de 6,68 meses (6,49 e 7,19 meses no caso de mulleres e homes respectivamente). Este dato é o máis baixo, só detrás do Grao en Medicina, das titulacións da rama de ciencias da saúde do campus de Santiago. Se se consideran todas as titulacións do SIG da rama de ciencias da saúde, os graduados en Farmacia son os cuartos en atopar emprego máis rápido, por detrás do Grao en Medicina, Grao en Logopedia e Grao en Terapia Ocupacional).

Con estes datos pódese concluír que a inserción laboral dos graduados en Farmacia é moi boa, xa que a media no caso das titulacións de ciencias da saúde da USC é de 9,37 meses, e a media das titulacións de ciencias da saúde de Galicia é 9,20 meses. Se a comparamos coa media de tódalas titulacións do SUG, 8,77 meses, podemos reiterar o bo dato do Grao en Farmacia.

Grao en Farmacia

3. MODIFICACIÓN DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Modificación sustancial do Grao en Farmacia	Adaptación da memoria do Grao en Farmacia ao Real Decreto 822/2021, do 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas oficiais e do procedemento de aseguramento da súa calidade, no que respecta ao número de créditos básicos e ao ámbito de coñecemento no que se inscribe o título.

Grao en Farmacia

4.LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Critérios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	URL do título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	E5_Actas_CT_2022_23.pdf
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	E6_Estudantes_recoñecemento_credits_2022_23.pdf
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502220_P.Ind_2023-2024
			2502220_INF.16_2023-2024
			2502220_INF.CiUG_2023-2024
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	2502220_I2_2023-2024
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502220_P.Ind_2023-2024
			5035_INF.03_2023-2024

Grao en Farmacia

2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	URL da USC
			URL do Centro
			URL do título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	URL do Centro
3	E11	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	URL do Centro
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	URL do Centro
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502220_P.Ind_2023-2024
			2502220_INF.04_2023-2024
			5035_INF.05_2023-2024
			2502220_INF.06_2023-2024
			2502220_INF.07_2023-2024
			2502220_INF.08_2023-2024
			2502220_INF.09_2023-2024
			5035_INF.10_2023-2024
			5035_INF.11_2023-2024
			2502220_INF.13_2023-2024
			2502220_INF.14_2023-2024
			5035_INF.21_2023-2024
2502220_INF.22_2023-2024			

Grao en Farmacia

			2502220_INF.23_2023-2024
			2502220_Informe_de_indicadores_2023-2024
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502220_P.Ind_2023-2024 2502220_Informe_de_indicadores_2023-2024
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502220_E15_2023-2024
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	5035_E16_2023-2024
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes
4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5035_I6-17_2023-2024
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	5035_I6-17_2023-2024
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502220_INF.13_2023-2024 2502220_INF.14_2023-2024
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	5035_I10_2023-2024
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	URL do Centro
5	E19	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	URL do Centro
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	E20_Listaxes_centros_practicas_22_23.pdf
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual

Grao en Farmacia

6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	E24_Listaxe_TFG_21_22.pdf
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502220_INF.15_2023-2024
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimientto - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502220_P.Ind_2023-2024
			2502220_INF.17_2023-2024
			2502220_INF.18_2023-2024
			2502220_INF.19_2023-2024
			2502220_INF_SIIU_2023-2024
			2502220_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502220_P.Ind_2023-2024
			2502220_INF.CIUG_2023-2024
			2502220_Informe_de_indicadores_2023-2024
7	I14	Resultados de inserción laboral	2502220_EIL-SIIU_2023-2024 2502220_EIL-ACSUG_2023-2024
1,4,5	I15	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)	2502220_P.Ind_2023-2024 2502220_Informe_de_indicadores_2023-2024 2502220_MedUSC_cursocelda

***Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).**

Grao en Farmacia

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFarm23_24-1 (Curso 2023-2024)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mantemos esta acción de mellora para o curso 2023-2024 xa que non dispoñemos de datos que nos indiquen o cumprimento de dita A.M.
Definición/ descrición proposta	Intentar incrementar a mobilidade saínte (outgoing) dos estudantes do Grao en Farmacia
Datas	Finalización: 29/12/2024 ; Inicio: 01/09/2023
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Mª de los Reyes Laguna Francia, Matilde Casas Parada
Tarefa 1	GFarm-1.1
Descrición tarefa	Aumentar os destinos dispoñibles a través do establecemento de novos acordos
Data prevista de finalización	29/12/2024
Responsable	Mª de los Reyes Laguna Francia, Matilde Casas Parada
Estado	Activa

Grao en Farmacia

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFarm23_24-2 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mellorar a competencia na exposición de datos científicos: realización de mini congreso.
Definición/ descrición proposta	Incrementar as competencias dos estudantes na transmisión escrita da información científica.
Datas	Finalización: 30/12/2024; Inicio: 03/09/2023
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : Alta; Data Estado: --
Responsables	Mª de los Reyes Laguna Francia, Raquel Sendón García
Tarefa 1	GFarm-2.1
Descrición tarefa	Compra de material divulgativo do minicongreso.
Data prevista de finalización	30/07/2024
Responsable	Raquel Sendón García
Estado	Activa

Grao en Farmacia

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFarm23_24-3 (Curso 2023-2024)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Mantemos esta acción de mellora para o curso 2023-2024 xa que non dispoñemos de datos que nos indiquen o cumprimento de dita A.M. debido ás circunstancias sanitarias dos cursos previos. Polo tanto, a meta para o curso 2023-2024 sería manter ou incrementar os destinos/prazas para realizar prácticas externas curriculares optativas.
Definición/ descrición proposta	Incrementar os convenios/prazas con empresas, institucións, organismos, grupos de investigación, etc.
Datas	Finalización: 31/12/2024 ; Inicio: 02/09/2023
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Raquel Sendón García
Tarefa 1	GFarm23_24-3.1
Descrición tarefa	Aumentar os destinos dispoñibles a través do establecemento de novos convenios ou resolucións reitorais.
Data prevista de finalización	29/12/2021
Responsable	Mª de los Reyes Laguna Francia, Raquel Sendón García
Estado	Activa

Grao en Farmacia

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFarm23_24-4 (Curso 2023-2024)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 3 - Sistema de Garantía de Calidade
Análise causa	Necesidade de introducir información accesible ao estudiantado e mais ao profesorado do centro.
Definición/ descrición proposta	Mellorar a páxina web do título mantendo información actualizada na sección de novidades.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 02/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Paz García Martínez, Rosa Puga Rajo

Grao en Farmacia

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFarm23_24-5 (Curso 2023-2024)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5 - Recursos materiais
Análise causa	Necesidade de dispoñer de infraestrutura adecuada para o correcto desenvolvemento das prácticas de laboratorio.
Definición/ descrición proposta	Realización de melloras nos laboratorios de prácticas da facultade
Datas	Finalización: 30/12/2024 ; Inicio: 02/09/2023
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Mª de los Reyes Laguna Francia

Grao en Farmacia

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFarm23_24-6 (Curso 2023-2024)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	Manter ou superar a participación nas enquisas de docencia.
Definición/ descrición proposta	Pretendemos manter e intentar incrementar a participación, tanto do alumnado como do profesorado, nas enquisas de satisfacción coa docencia recibida ou impartida.
Datas	Finalización: 29/12/2024 ; Inicio: 02/09/2023
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Paz García Martínez, Raquel Sendón García

Grao en Farmacia

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	GFarm23_24-7 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4 - Recursos humanos
Análise causa	Mellora da comunicación entre profesores implicados en materias relacionadas coas prácticas tuteladas. Posta en común de temas de interese para o estudiantado do Grao relacionados coas prácticas tuteladas.
Definición/ descrición proposta	Realizar reunións periódicas cos profesores asociados de prácticas tuteladas e os profesores do centro para a abordaxe de temas de interese para o estudiantado como a aplicación práctica da Atención Farmacéutica en todos os ámbitos.
Datas	Finalización: 29/12/2023 ; Inicio: 02/09/2024
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Mª de los Reyes Laguna Francia, Paz García Martínez
Tarefa 1	GFarm-7.1
Descrición tarefa	Aportación dos resumos das reunións cos acordos acadados.
Data prevista de finalización	29/12/2024
Responsable	Mª de los Reyes Laguna Francia, Paz García Martínez
Estado	Activa

Grao en Farmacia

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	GFarm23_24-8 (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
Análise causa	Baixa utilización da lingua galega no entorno científico da Facultade de Farmacia.
Definición/ descrición proposta	Incentivar o uso da lingua galega na exposición de datos científicos: realización dun encontro da mocidade investigadora en ciencias farmacéuticas.
Datas	Finalización: 29/12/2024; Inicio: 02/09/2023
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: --
Responsables	Mª de los Reyes Laguna Francia, Raquel Sendón García
Tarefa 1	GFarm-8.1
Descrición tarefa	Presentación do programa do V Encontro galego da mocidade investigadora en ciencias farmacéuticas. Actividade realizada por iniciativa da Comisión de Normalización lingüística e Difusión cultural da Facultade de Farmacia.
Data prevista de finalización	10/12/2024
Responsable	--
Estado	Activa